

Resultado da denuncia ante inspección de traballo e da posterior mediación Inspección-ESPROADE-CIG

Obxectivos acadados:

1.- O recoñecemento implícito e explícito dunha das demandas históricas máis importantes: Que o **Complemento Ad personam** das 16 persoas subrogadas **non fose absorvible nin compensable**. Será unha cantidade fixa calculada coa derradeira nómina da empresa anterior. Calquera suba salarial continuarase producindo sen tocar este complemento. Tamén se acada o recoñecemento do **Complemento por Dedicación/disponibilidade** como non compensable (presente no novo convenio).

2.- O recoñecemento e pago por parte da empresa **dunha débeda salarial con 16 dos traballadores/as de máis de 13.000 euros con carácter retroactivo dende setembro de 2021**. O recoñecemento e pago das subas salariais recoñecidas en negociación colectiva (2% 2022, 3,75% de todos os complementos 2023 e as que se produzan a partir de aí). Ademais, a suma do complemento de antigüidade por cargo dentro do plus ad personam para que o traballador non perda esa mellora.

3.- O recoñecemento, arranxo e actualización dos **trienios de todas as traballadoras/es axustados ao inicio da súa relación laboral** na

EMM e o seu pago. O recoñecemento e arranxo doutras irregularidades no tocante a número de horas de traballadoras ou das súas funcións (oficial administrativa)

4.- A fin dos "acordos verbais" e a **regularización da información por escrito das condicións esenciais do contrato**, neste caso no tocante ao prezo/hora dos traballadores post-subrogados. Acádase tamén acordo por escrito para manter, para as e os traballadores que entraron despois da subrogación, a **mellora voluntaria de 13 euros/hora efectiva de traballo** cun ámbito temporal con **vixencia mentres dure o contrato administrativo** actual que mantén a empresa co Concello de Santiago de Compostela.

5.- O preaviso e constitución do comité para a negociación do **Plan de Igualdade da Escola municipal de música**, dentro do Plan de Igualdade de Esproade, caducado dende 2022. O obxectivo deste plan será acadar melloras na conciliación da vida laboral e familiar, entre outras melloras de permisos e outras cuestións. O calendario e realización deste Plan serán vixiados directamente dende a inspección.

6.- A consecución por escrito dun acordo para formalizar os **chamamentos dos fixos-**

discontinuos en cada inicio de curso. Os traballadores/as deberán ter por parte da empresa unha previsión das datas de chamamento e horarios antes da finalización do curso e o **chamamento será por medios escritos** e sempre cunha antelación mínima de **72 horas ao inicio da actividade.**

7.- O envío e entrega de todas as **nóminas a todos os traballadores/as ademais de contratos** e outra documentación esencial das súas condicións laborais como todas as **anovacións contractuais** dos traballadores contratados despois da subrogación.

8.- reformulación dos formatos das **nóminas dos traballadores/as recollendo todos os conceptos salariais actuais** en vigor así como, nos traballadores que corresponda, o complemento ad personam fóra do salario base e tamén os complementos por cargo, coa correspondente nominación correcta.

9.- A consecución do acordo por escrito e a posta en marcha oficial da **normativa do banco de horas**, que se recoñecerá como unha ferramenta de carácter voluntario para favorecer a conciliación dos traballadores/as co resto de ámbitos laborais, persoais e familiares. Acórdase por escrito que a realización e **a acollida á mesma sexa**

voluntaria, que o banco de horas se renove en cada curso e que a empresa, no caso de **deber horas ao traballador unha vez finalizado devandito curso, proceda ao pago das mesmas** salvo acordo entre as partes para que o traballador/a as poida desfrutar como descanso. No caso de que o traballador debese horas, estas quedarán eliminadas e non se realizará ningunha acción ao respecto por parte da empresa.

Unha vez máis...
seremos a túa forza,
a túa voz

afíliate

Forza Dereitos
Compromiso Igualdade
Unidade Lingua

CIG
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal